



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Ministerio de Economía e Competitividade vén de convocar o pasado xoves 22 de xaneiro a través do Boletín Oficial do Estado a **convocatoria de axudas Retos-Colaboración do Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade**, que se enmarca no **Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016**.

O **obxectivo desta convocatoria** é fomentar a orientación da investigación científica, desenvolta nas universidades e organismos públicos de investigación, e das actividades de I+D+i empresariais cara a resolución dos problemas e necesidades presentes e futuras da sociedade, aliñados cos retos da Estratexia Española e Horizonte 2020 e co obxectivo último de obter, a medio e longo prazo, retornos sociais.

Neste senso, esta convocatoria apoiará **proxectos de desenvolvemento experimental en colaboración entre empresas e organismos de investigación** cuxa temática estea aliñada coas prioridades establecidas nos **Retos do Programa Estatal de I+D+i orientada aos Retos da Sociedade**. Estes retos son 8: Saúde, cambio demográfico e benestar; Seguridade e calidade alimentarias, actividade agraria produtiva e sostible, recursos naturais, investigación mariña e marítima; Enerxía, segura, eficiente e limpa; Transporte intelixente, sostible e integrado; Acción sobre o cambio climático e eficiencia na utilización de recursos e materias primas; Cambios e innovacións sociais; Economía e sociedade dixital; e Seguridade, protección e defensa.

Os proxectos deben reunir ademais os seguintes requisitos: contar cun **orçamento mínimo de 500.000 euros; ter carácter**

plurianual; a empresa debe actuar como solicitante e contar coa participación como mínimo de dúas entidades, unha delas **obrigatoriamente un organismo de investigación público ou privado**. A empresa deberá actuar como representante da agrupación e solicitante da axuda.

O orzamento total da convocatoria ascende a preto de **574 millóns de euros**, dos cales un 14,6% será en forma de subvención e o 85,4% restante en forma de anticipo reembolsable FEDER e préstamo. A contía individual de cada unha das axudas dependerá do custo financiable do proxecto, das características do beneficiario e das posibilidades orzamentarias. A intensidade máxima de axuda para as empresas oscilará entre os 60% e o 40% segundo a súa clasificación.

O prazo para a presentación de solicitudes **pecha o 24 de febreiro de 2015 ás 15:00 horas** e a presentación de solicitudes debe facerse a través da [sede electrónica da Secretaría de Estado de I+D+i](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.